

Proxecto ConArte no Camiño
'Belas artes para a transmisión dos valores universais do Camiño'

TERMOS DE PARTICIPACIÓN

Proxecto

Promotor: Grupo Compostela de Universidades (GCU).

Patrocinador: Programa O Teu Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia.

Líder: Sistema Universitario de Galicia.

Colaborador: Instituto Europeo de Itinerarios Culturais do Consello de Europa.

Colaborador invitado especial: Concello de Ferrol.

Obxectivos:

- Acercar artistas das 61 Universidades socias do GCU ao Camiño de Santiago en Galicia co fin de que adquiran coñecementos e novas experiencias inspiradoras.
- Desenvolver a creatividade artística.
- Comunicar o aprendido no seu ámbito universitario e lugares de orixe.

Período elixible: 23.09.2021 ao 30.09.2021.

Lugar de celebración: Santiago de Compostela, concello de Ferrol e municipios veciños na Provincia da Coruña (Galicia, España).

Actividades:

- Elaborar un proxecto artístico conxunto no campo de estudo universitario dentro do marco do “Club da Caldeira de Artistas no Camiño do GCU”.
- Participar en sesións de titoría (*mentoring*) e formación por parte de expertos.
- Recibir e impartir, así como realizar actividades culturais experienciais, sesións formativas (“Xuntanzas no Camiño”: visitas guiadas, realización de tramos do Camiño, interacción e irmandade social co entorno).

Perfil dos participantes

1. Pertencer ao campo de estudos de Belas Artes, especializado na variante Belas Artes plásticas.
2. Ser estudante de grado (2º curso en diante), posgrao ou investigador, con acreditación de vinculación académica a unha Universidade socia do GCU durante o curso 2020-2021.
3. Ter coñecementos de inglés e/ou español, oral e escrito.

Selección dos participantes polo GCU. Criterios

De entre todos os participantes, o GCU levará a cabo un proceso de selección dun máximo de 18 participantes, conforme aos seguintes criterios:

1. Méritos e afinidade coa área de especialización do proxecto (premios, participación en exposicións, recoñecemento, obras expostas). Ata 1 punto.
2. Valoración do currículum vitae. Ata 1 punto.
3. Certificado ou diploma de segunda lingua, español e inglés. Ata un máximo de 0,5 en cada idioma. As puntuacións outorgaranse como segue: Nivel A (0,15 puntos), Nivel B (0,35 puntos) e Nivel C (0,5 puntos).

Ademais dos criterios comentados, durante o proceso de selección teranse en conta criterios obxectivos como a paridade de xénero, a distribución xeográfica, a inclusividade social e a diversidade xeracional.

Becas e axudas

O GCU cubrirá o seguinte:

- Aloxamento.
- Manutención.
- Traslados locais.
- Material para a creación artística dos participantes.
- Seguro de responsabilidade civil.

Pola súa parte, os participantes han de cubrir o seguinte:

- Viaxe dende o seu lugar de orixe a Santiago de Compostela en Galicia (España) e viceversa.
- Seguro médico en destino (tarxeta europea de seguridade social, ou seguro privado).
- Equipo de peregrino apropiado para facer o Camiño (roupa e calzado cómodo e lixeiro, e equipo básico de supervivencia).

Prazo para presentar as solicitudes

- Do 18 de xuño ao 30 de xullo de 2021.